

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 28 DE MAIO DE 2010**

### **1.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación das Bases da convocatoria dos certames literarios dos ditos centros para 2011.**

Apróbanse as bases dos premios do X Certame de relato curto “José Saramago” e do VIII certame de poesía “Aurelio Aguirre” para o ano 2011.

### **2.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación das Bases e gasto da convocatoria do II concurso de Balcóns.**

Apróbanse as bases e un gasto de 425 euros.

### **3.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello e a Fundación Compostela Deporte.**

Apróbase a xustificación que representa a fundación Compostela Deporte en relación co convenio entre o Concello e a citada entidade para o ano 2009 por importe de 35.000 euros.

### **4.- Expedientes en materia de contratación.**

- Adxudícase provisionalmente o contrato de “modernización e mellora da xestión e da atención social, incluída no FES 2010” á empresa TECNOCOM, SA, por un importe de 86.199,60 euros.

- Adxudícase provisionalmente o contrato de “implantación dun portal de contratación pública electrónica, incluída no FES 2010” á empresa EVERIS SPAIN, SL, por un importe de 149.741,38 euros.

- Adxudícase o contrato de “prestación de servizo: redacción proxecto técnico de construción e adecuación de espazo para o corredor verde da Almáciga” á empresa GALICIA DREAMS, SL, por importe de 10.950,20 euros.

- Adxudícase definitivamente o servizo de mantemento, reparación e conservación de instalacións de calefacción nas dependencias do Concello a José María García Quintela por importe de 42.000 euros.

- Adxudícase definitivamente o contrato de actualización de cartografía á empresa TRACASA por importe de 59.000 euros.

- Adxudícase provisionalmente o contrato de “recuperación de zona verde na contorna do río Corvo (Salgueiriños), incluída no FES 2010” á empresa CESPAS, SA, por un importe de 407.821,10 euros

- Adxudícase provisionalmente o contrato de “substitución de materiais e tecnoloxías na rede de auga e alumeado público, infraestruturas de recollida selectiva de lixo mediante colectores soterrados e mellora de seguridade vial na rúa República do Salvador (Xeneral Pardiñas-Hórreo), incluída no FES 2010” á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES SA, por un importe de 430.137,89 euros.